

FORMA DE XUSTIFICACIÓN DOS MÉRITOS

Os méritos alegados no currículo vitae deberán ser xustificados mediante os documentos que se indican en cada caso:

1. Titulación/Formación académica

a) Expediente académico do título de licenciatura/grao/enxeñaría/arquitectura ou equivalente.

Copia simple da certificación académica na que consten as cualificacións obtidas nos estudos universitarios e a data das mesmas, así como o número de convocatorias utilizadas para superar cada materia.

b) Grao de mestrado ou tese de licenciatura.

Copia da certificación que o acredite.

c) Premio extraordinario de licenciatura.

Copia da certificación que o acredite.

d) Tese de doutoramento.

Copia simple do título ou da certificación de expedición do título ou, de ser o caso, da credencial de homologación ou o seu recoñecemento para o exercicio como docente de universidade expedida polo Ministerio de Educación.

f) Premio extraordinario de doutoramento.

Copia da certificación que o acredite.

2. Experiencia Investigadora e de transferencia

a) Publicacións: libros, capítulos de libros, artigos científicos, ferramentas validadas de investigación social, exposicións individuais e colectivas, traducións, produción musical, produción literaria etc.

Acreditación dos méritos alegados mediante os pertinentes documentos, e nos seguintes casos como se indica a continuación:

- Para **libros**: copias da portada e título, autores (editores), créditos do libro (editorial, ISBN...), índice, ano de publicación. No caso de **capítulos de libros**, incluír ademais: primeira e última páxina do capítulo, asemade o índice de capítulos no que figure a contribución da persoa candidata.
- Para **artigos científicos**: copia da primeira e última páxina do artigo publicado. Se non figura na primeira páxina do artigo a información relativa ó número ou volume da revista, engadiranse copias do índice da revista ou outras páxinas que acrediten esta información.
- Para **ferramentas validadas de investigación social**: acreditación emitida polo órgano competente segundo se teñan realizado informes onde fora necesaria a aplicación das mesmas.

- Para **exposicións individuais**:

- Se teñen catálogo: adxuntar un PDF coa portada (título da exposición e autoría), a páxina de créditos onde figure quen edita a publicación, a autoría do texto de presentación, ISBN, etc. Isto valería tamén para os comisariados.
- Se non teñen catálogo: certificado da galería ou museo e PDF da invitación dixital.

- Para **traducións**: copias da portada e título, autores (editores), créditos do libro (editorial, ISBN...), índice, ano de publicación e copia da páxina onde figure a participación da persoa candidata como tradutora do mesmo.

- Para **producción musical ou literaria**: **acreditación** dos méritos alegados mediante os pertinentes documentos.

b) Relatorios e comunicacións en congresos, simposios, xornadas, elaboración de catálogos, etc.

Copia da portada onde conste editorial e ISSN/ISBN, índice, primeira e última páxina da contribución publicada. De non existir publicación deberá acreditarse o tipo de participación, a entidade organizadora e incluír copia do resumo enviado. Carta de invitación, de ser o caso.

c) Dirección de teses de doutoramento.

Certificados expedidos polo órgano competente da universidade.

d) Participación xustificada en proxectos de investigación subvencionados en convocatorias oficiais, outros proxectos de I+D en empresas ou institucións.

Copia do documento de concesión e das páxinas que avalan: a participación da persoa interesada, a duración e a cantidade subvencionada. Alternativamente poderá acreditarse o mérito cun certificado expedido pola universidade ou centro de investigación titular do proxecto que inclúa os mesmos datos. Non se admiten xustificacións asinadas polo investigador principal se non están referendadas pola correspondente Vicerreitoría de Investigación ou órgano certificador.

e) Estadías debidamente acreditadas noutros centros de investigación.

Acreditación dos méritos alegados coa copia da concesión da axuda de estadía da entidade financiadora, na que se especifique o destino e a duración. Copia da carta do centro receptor na que se constate a estadía, o período temporal e o tema abordado.

f) Bolsas de investigación, con acreditación oficial (FPI, predoutorais e homologados).

Acreditación dos méritos alegados mediante os pertinentes documento de concesión.

g) Patentes, rexistros da propiedade, atlas, corpus, enciclopedias e dicionarios de nova fábrica/planta.

Acreditación dos méritos alegados mediante os pertinentes documentos, e nos seguintes casos como se indica a continuación:

- Para **patentes e rexistros de propiedade**: copia dos documentos oficiais de rexistro e concesión ou copia dos documentos que acrediten a explotación da mesma/s.

- *Para atlas, corpus, enciclopedias e dicionarios de nova fábrica/planta: copias da portada e título, autores (editores), créditos do libro (editorial, ISBN...), índice, ano de publicación e da páxina onde figure a entrada ou a participación da persoa candidata.*

h) Divulgación: conferencias, xornadas, obradoiros, proxectos de divulgación etc.

Acreditación dos méritos alegados mediante os pertinentes documentos, e nos seguintes casos como se indica a continuación:

- **Conferencias, xornadas e obradoiros:** certificado de participación expedido polo órgano competente.
- **Proxectos de divulgación:** certificado expedido polo órgano competente.

i) Outros méritos de investigación (membros do consello de redacción de revistas, bolsas de investigación de organismos privados, premios de investigación, etc.)

Acreditación dos méritos alegados mediante os pertinentes documentos.

3. Experiencia docente

a) Docencia universitaria en réxime de dedicación a tempo completo.

Certificados de docencia expedidos polo órgano competente da universidade.

b) Docencia universitaria en réxime de dedicación a tempo parcial.

Certificados de docencia expedidos polo órgano competente da universidade.

c) Docencia non universitaria.

Certificados de docencia expedidos polo órgano competente.

d) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada.

Certificados de docencia expedidos polo órgano competente da universidade.

e) Supervisión de TFGs/TFM's ou similares.

Certificados expedidos polo órgano competente da universidade.

f) Cursos de formación docente recibidos.

Certificado de participación expedido polo órgano competente, co número de horas recibidas.

g) Cursos de formación docente impartidos.

Certificado de participación expedido polo órgano competente co número de horas impartidas.

h) Participación en proxectos de innovación docente.

Certificados expedidos polo órgano competente.

i) Outros méritos docentes.

Certificados expedidos polo órgano competente.

4. Experiencia profesional

A experiencia profesional acreditarase coa seguinte documentación:

- **En traballos por conta allea:** *certificado de servizos prestados en administracións e organismos públicos ou certificado actualizado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.*
- **En traballos por conta propia:** *certificado actualizado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. No suposto de que para a actividade profesional que se exerce non resulte obrigatoria a alta en ningún réxime do sistema da Seguridade Social, deberase presentar certificación da mutualidade correspondente á súa actividade.*

Asemade, para a valoración destes méritos poderanse presentar outros documentos acreditativos da experiencia profesional.

6. Outros méritos

Acreditación dos méritos alegados mediante os pertinentes documentos, incluído o coñecemento da lingua galega (agás que polo perfil da praza teña que ser valorado noutro subapartado).

FORMA DE PRESENTACIÓN DOS MÉRITOS.

Os xustificantes orixinais dos méritos alegados no CVN-FECYT deberán ser dixitalizados e incluídos nun único* arquivo con formato pdf. Este arquivo deberá incluír un índice de todos os documentos que contén.

* *Excepcionalmente, por causas unicamente debidas ao excesivo tamaño que suporía presentar todo en un documento único, poderanse achegar os méritos en varios arquivos, en cu- xo caso estes se nomearán e numerarán para establecer a orde entre eles (**Xustifica_DNI_CodPraza01.pdf**, **Xustifica_DNI_CodPraza02.pdf**, etc.) e conterán unha paxinación consecutiva que permita localizar os documentos xustificativos.*

O arquivo deberá nomearse como **Xustifica_DNI _CodPraza.pdf** (onde *DNI* se substituirá polo número de DNI da persoa candidata e *CodPraza* polo código da praza á que se presenta)